

## A NOSA TRADICIÓN ORAL 6

*ÁBRETE, PILDRO!*

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_TrOr\_0009\_005\_en\_0\_08\_47\_id675\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_TrOr\_0009\_005\_en\_0\_08\_47\_id675.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Etnográfico xeral

**MATERIAL DISPOÑIBLE**

Audio mp3, transcripción e comentarios

**DATA DE RECOLLIDA:** 1994-1995

**LOCALIZACIÓN:**

**Lugar:** A Torre  
**Parroquia:** Estacas  
**Concello:** Cuntis  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

**INFORMANTE:**

**Nome:** Fuentes, Rufina  
**Idade no momento da recollida:** 52 anos  
**Lugar e data de nacemento:** ca. 1942  
**Profesión:** labrega

**RECOLLEDORAS:** Diana e Sonia (alumnas C.P. Don Aurelio, Cuntis)

**COMPILADORES:** Duran Vázquez, Luz Dolores; Torres Guerra, José Luis e Vilas Castelo, Ramón (profesores)

**COLECCIÓN:** A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI.

(Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

## NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

O audio remata antes de completarse a historia. Por iso, incluímos entre corchetes o texto da transcripción orixinal realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. En: *Escolma: C. Marab-9*; páx. 2. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

**TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez

**CLASIFICACIÓN:** Contos maravillosos

## PALABRAS CHAVE

conto, arrieiros, pedra, cartos, tesouro



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## TRANSCRICIÓN

Dous irmáns quedaron sin pai e sin nai. Bueno. E os pobres eran pobres, andaban a pedir por alá adiante. E un, despois, dixo:

- Deixa que, eu vexo tódalas noites aquel..., aquela pedra alí, salen uns cabalos dalí, uns arrieiros e, e dinlle: "*Ábrete pildro e cérrate pildro!*" e cando eu... eu tamén hei de ir alí, tamén hei de ir alí.

E o home tuvo alí á espera e despois veu salilos arrieiros e díxéronlle:

- *Cérrate, pildro!*

E a porta, a pedra cerrouse. E despois vai el e dixo:

- *Ábrete, pildro!*

Abreuse a pedra. E entrou e veu un comedor moi preparado con dulces, viño e desas cousas e... Pero el nada. Había unha velliña alá no curruncho e dixo:

- *Eu non sei se berrará.*

E máis unhas huchas cheas de cartos. E el foi á hucha e encheu un saco de cartos, saleu correndo e dixo:

- *Cérrate, pildro!*

E cerrouse a pedra. Escapou. E dixo:

- *Ai, que boa cousa!*

Foi á outra noite outra ves. Bueno. El foi moitas noites e despois, esto... fixo unha casa nova e taba moi ben, bueno. E o irmán despois andaba a pedir e díxolle:

- *Ai, meu irmán, e ti, cómo fixeches esa casa nova, ho? E logho...*

- *Bo, mira, eu dicíacho pero non cho digho, porque se cadra despois descubresme e...*

- *Non descubro, ho, non. Non te descubro, ho, non te descubro.*

E vai e díxolle:

- Pois, mira, vas a tal sitio sobes por riba dun carballo, cando sailan os arrieiros, esto... din: "*Cérrate, pildro!*", e cérraselle e ti baixas e, porque claro, contra a mañá veñen e pódente pillar alí e ti nin comas nin bebas nada daquela, do que hai alí na mesa, non, porque senon despois pállante.

E foi e fixo o mesmo coma el. Bueno, foi a primeira noite e non comeu nada nin nada. Escapou cun saco de cartos, e, mimadriña! Bueno, despois foi outra ves e outra ves, bueno. Empezou a facer outra casa de par da do irmán, quería facer de par da do irmán. E fixo a casa alí de par da do irmán. Pero... pasando moito tempo, os arrieiros queixábanse de que lle iban ós cartos e tal, e un día, esto, el púxose a comer e a beber e claro, xa sabes ti, e... despois non se levantou dalí. Chegaron os arrieiros e topárono alí e dixeron:



- Ai...! [este é o noso ladrón de cartos, este é o ladrón dos cartos.

E foi e pillárono e prendérono e despois el declarou ó irmán, e despois quedaron sin nada, tanto un coma o outro. E dicíalle o irmán:

- Lambón, lambón!, dixeches que non decías nada, lambón! Non che dixeran que non comeras nin beberas? E aghora que? Quedámonos na calle outra ves?

E despois leváronlle todo e quedaron a pedir outra ves.]



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades